

# **a tradición musical galega en femiño**

**UNIDADE DIDÁCTICA 2.º CICLO DE ED. PRIMARIA  
MÚSICA**

**Este proxecto editouse ao abeiro do  
Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021-2022  
da Xunta de Galicia.**

**O PROXECTO.  
CUESTIÓNS XERAIS**

# **DESCRIPCIÓN, CONDICIÓN E NECESIDADES TÉCNICAS PARA A SÚA EXECUCIÓN**

O proxecto consiste na elaboración dunha unidade didáctica, «A tradición musical galega en feminino», e seis obradoiros que forman parte da propia unidade.

Mergullarémonos na tradición dun xeito lúdico e pedagóxico, mesturando tradición e modernidade, co obxectivo de manter vivo o legado cultural galego. Poremos en valor e dinamizaremos a identidade cultural galega e o seu patrimonio cultural inmaterial e, asemade, promoveremos o uso do idioma galego nos distintos ámbitos.

A música tradicional non existiría se as mulleres non a mantiveran viva. Foron elas, as cantareiras e pandereteiras, as que sostiveron a tradición e a fixeron chegar ata nós nun acto puro de xenerosidade. É preciso reivindicalas e darlles o valor que merecen.

A música tradicional galega segue viva na actualidade con máis forza que nunca. Inspira numerosos proxectos artísticos, serve de elemento vinculante co medio e ten un papel fundamental no uso e fomento da nosa lingua.

## **XUSTIFICACIÓN**

A nosa unidade didáctica parte de que a música é un feito cultural que se insire nos hábitos da vida das persoas. A música, como arte, ten unha relación estreita co mundo que a rodea, de tal xeito que non podemos entendela prescindindo da situación da sociedade na que xorde.

En todas as culturas se deron manifestacións musicais moi variadas, entre as que podemos encontrar as populares, protagonistas na realización desta unidade.

Na actualidade, a desaparición do estilo de vida tradicional e a grande influencia dos medios de información, fixeron que o patrimonio musical dos pobos esmoreza ata o punto de case desaparecer.

Por tanto, cómpre recuperar e poñer en valor toda a vivencia musical dun pobo, xa que será moi difícil comprender o presente e encarreirar o futuro sen coñecer a nosa tradición.

As autoras desta unidade vense no compromiso de que non se deixe pasar a oportunidade de que o alumnado coñeza a música dos seus ancestros, que tamén é a súa.

# OBXECTIVOS

1. Dar a coñecer e respectar a música tradicional galega.
2. Comprender mellor a sociedade actual grazas ao coñecemento e posta en valor do noso acervo cultural.
3. Valorizar a muller como transmisora da cultura tradicional musical galega.
4. Poñer de relevo a importancia da muller como herdeira da cultura tradicional musical galega.
5. Motivar o alumnado e conseguir que, ademais de ser un amante do patrimonio inmaterial galego, chegue a ser partícipe de actividades relacionadas con el.
6. Manter vivos melodías e instrumentos propios da sociedade tradicional galega e intentar que os nosos gustos e tendencias musicais non fagan desaparecer a nosa música, buscando un nexo de unión entre pasado, presente e futuro.
7. Dar a coñecer proxectos musicais actuais vinculados coa tradición e protagonizados por mulleres.
8. Destacar a importancia do idioma galego como lingua preponderante na expresión musical tradicional.
9. Fomentar o uso do idioma galego como elemento diferenciador do noso pobo.

# **O PROXECTO. DESENVOLVEMENTO**

# INTRODUCCIÓN

Á hora de realizar esta unidade didáctica tívose en conta a lexislación vixente para a etapa de educación primaria.

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Orde do 23 de xullo de 2014 (DOG núm. 154, xoves 14 de agosto de 2014).

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

## OBXECTIVOS CURRICULARES DA EDUCACIÓN PRIMARIA

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- k) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- l) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- m) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- n) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizados de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- p) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

# COMPETENCIAS CLAVE DA EDUCACIÓN PRIMARIA

Enténdese por competencia a capacidade de poñer en práctica dunha forma integrada e en contextos e situacións diferentes, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe tanto os coñecementos teóricos coma as habilidades ou coñecementos prácticos e as actitudes. Vai máis alá do saber e de saber facer ou aplicar, porque inclúe tamén o saber ser ou estar.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, identificáronse oito competencias básicas:

Competencia en comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

## CONTIDOS EN EDUCACIÓN MUSICAL

A concreción curricular na área de música establécese en tres bloques de contidos. Non obstante, deben entenderse como un conxunto e desenvolverse de forma global, tendo en conta as conexións internas tanto con respecto ao curso como ao longo da etapa.

Os bloques de contidos relacionados coa Educación Musical son:

Bloque 1. A escoita. Permite que o alumnado tome conciencia dos sons do seu ámbito e indague nas posibilidades sonoras dos materiais e obxectos do seu contexto. Trabállase a audición activa e comprensiva de distintas orixes e o respecto no proceso da audición.

Bloque 2. A interpretación musical. O alumnado é protagonista absoluto neste bloque, cuxo obxectivo é a creación de produtos musicais de diferentes estilos, usando diversas técnicas compositivas e con finalidades distintas. Centrémonos tamén en que valoren o traballo colaborativo.

Bloque 3. A música, o movemente e a danza. Este derradeiro bloque está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado dende o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.

## **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DA UNIDADE**

1. Familiarizarse coa música tradicional a través das fontes orixinais.
2. Diferenciar entre música vocal e instrumental.
3. Entender a diferenza entre música tradicional e música académica.
4. Distinguir os distintos instrumentos dunha gravación.
5. Vincular o son dun instrumento coa súa imaxe.
6. Clasificar os instrumentos por familias: corda, vento e percusión.
7. Investigar sobre a música tradicional galega.
8. Descubrir novas cantigas, instrumentos e bailes tradicionais galegos.
9. Establecer vínculos coa xente maior da comunidade (avós/as, veciños/as).
10. Identificar e diferenciar os distintos ritmos tradicionais a través da súa interpretación bailada.
11. Identificar o pulso de varios ritmos tradicionais e ser quen de moverse pola aula seguíndoo.
12. Identificar a velocidade de varios ritmos tradicionais (lento, rápido).
13. Interpretar ritmos en eco con palmas ou outro pequeno instrumento de percusión.
14. Vivenciar os ritmos a través do baile.
15. Coñecer as figuras esenciais da nosa tradición.
16. Coñecer os instrumentos que se utilizaban nas foliadas.
17. Distinguir entre un cover e unha adaptación.
18. Descubrir a música de Tanxugueiras e de outros proxectos actuais vinculados coa tradición galega.

# TEMPORALIZACIÓN

A unidade desenvólvese en seis sesións nas cales se tratarán, entre outros, os seguintes contidos: audición, investigación, canto, linguaxe musical, expresión instrumental, baile, cultura tradicional, cultura tradicional revisitada, posible encontro con Tanxugueiras e avaliación.

## ACTIVIDADES

### SESIÓN 1

#### Actividade 1

Antes de comezar de cheo coa exposición didáctica, é fundamental saber os coñecementos previos que o alumnado ten sobre esta. Para iso realizarase un cuestionario, de forma oral, co que se poderá levar a cabo a avaliación inicial e, ao mesmo tempo, servirá para dirixir os/as alumnos/as cara ao eixe central da unidade.

Esta actividade pode centrarse en preguntas como as que citamos a continuación:

- *Sabes o que significa música tradicional?*
- *Coñeces algunha canción antiga?*
- *Sabes o significado de muiñeira, xota, pandeireta, serán etc.?*
- *Coñeces a alguén que saiba cantar, tocar e/ou bailar estas cancións?*
- *Saberías dicirme o nome dalgún instrumento tradicional galego?*
- *Tes visto algunha vez bailar ou tocar a algún grupo que interprete este tipo de música?*

## Actividade 2

(Audio e vídeo breve de Maruja das Cortellas e dunha recollida en Gargamala).

### Ficha 1.

Faise unha primeira audición na que o alumnado terá, posiblemente, o primeiro contacto cunha recollida. Nesta primeira escoita, deberán reflexionar sobre o que acaban de escoitar.

Nunha segunda escoita, pídeselle ao alumnado que marque a resposta correcta ou conteste sobre o que acaba de escoitar por segunda vez (Ficha 1):

- *Música vocal/instrumental.*
- *Galego/castelán.*
- *Número de cantigas.*
- *Xénero musical: tradicional/clásico.*

Neste último punto, podemos aproveitar para falar do dubidoso termo «música clásica» e comparalo con outros como «música culta» ou «música académica».

## Actividade 3

Tamén despois da segunda escoita, o/a alumno/a debe rodear a imaxe do instrumento que soa na gravación (Ficha 1).

## Actividade 4

Despois de identificar os instrumentos que soan na gravación, clasificarán eses instrumentos segundo a familia á que pertencen: vento, corda ou percusión. Cómpre repasar conceptos aprendidos noutras unidades, como é a clasificación dos instrumentos musicais por familias. De xeito oral, faremos un breve repaso das tres principais familias de instrumentos, facendo fincapé na clasificación pola maneira de producir o son: percusión, corda e vento.

Esta actividade pódena realizar por equipos (segundo o protocolo COVID, serían os equipos cos que están na clase sentados). Podería facerse, por exemplo, con tres aros de cores diferentes no chan e tarxetas cos debuxos dos instrumentos. Cada cor representa unha familia, e deben ir colocando cada tarxeta no aro correspondente.

Outra opción sería facer este exercicio en modo interactivo, no encerado dixital, cunha aplicación tipo Genially. Por quendas levántase cara ao encerado e arrastran o instrumento á familia correspondente.

## SESIÓN 2

A sesión comeza cun breve repaso do feito o día anterior.

### Actividade 1

(Audio dun xogo infantil recollido polo etnógrafo Gustav Henningsen a uns/has nenos/as nos anos 60).

Faise unha primeira audición na que o/a alumno/a seguirá o audio apoiándose na letra que ten escrita na ficha, intentando encher os ocos coas palabras que faltan (Ficha 2). Elixiuse unha gravación infantil para que o alumnado se sinta máis identificado.

Tras a primeira escoita, facemos unha serie de preguntas para asentar coñecementos sobre o escoitado:

- *Quen canta?*
- *Que cantan?*
- *Entendes o significado da letra? (aproveitamos para corrixir o exercicio).*
- *Coñeces algún xogo cantado?*

### Actividade 2

Realízase unha segunda escoita e pídeselle ao alumnado que debuxe o que o audio lles inspira (nenos/as nunha rúa xogando, no patio dunha escola etc.) (Ficha 2). Nesta actividade, cómpre fomentar a liberdade artística e non valorar negativamente ningunha das opcións que o/a alumno/a propoña.

### Actividade 3

A maiores, tamén se lles pode pedir que creen un mapa musical que lles axude a comprender a forma musical da canción e no que integren os debuxos que previamente fixeron.

## Actividade 4

Investigación sobre a música tradicional galega con axuda de familiares e veciñanza.

Pídeselle ao alumnado que intente averiguar, preferiblemente apoiándose en membros de avanzada idade da súa familia ou veciñanza, as seguintes cuestións:

- *Averiguar o significado de foliada e ruada.*
- *Citar algún baile tradicional galego.*
- *Citar instrumentos tradicionais galegos.*
- *Buscar algunha cantiga popular.*
- *Inventar a súa propia cantiga.*

Para este último punto habería que introducilos no proceso compositivo. E para conseguilo, podemos axudarnos das regueifas. Explicaremos a estrutura e mesmo podemos axudarnos dalgunha melodía para que sexa máis fácil.

**Receita da regueifa**

1. \_\_\_\_\_ (8) - -  
2. \_\_\_\_\_ (8) a +  
3. \_\_\_\_\_ (8) -  
4. \_\_\_\_\_ (8) a +

• Cada versos octosílabos  
• Con rima, non parca (-a - a).  
• O tipo de estrofa chámase copla.

**SEGREDOS:**

i. Non centrarse en estar contando sílabas.  
ii. Pensar as coplas de abaixo para arriba (a copla final é a que ten que sorprenderte, temos que ir de menos a máis).  
iii. Buscar o *flow*: non rimar coa mesma palabra nin rimar 3 versos. → Non rimar "canón" con "comida", nin rimar "maneira" con "ledicia" - "carreira".  
iv. O primeiro verso é o que menos importa. Podemos usar o procedemento do leixaprén<sup>(1)</sup>, referirnos a onde estamos<sup>(2)</sup> ou quenes somos<sup>(3)</sup> ou referirnos á outra persoa ou grupo<sup>(4)</sup>.

\* Empregar o último verso da estrofa anterior para comezar a rima.  
(1) "Nelle cade de San Roque", por exemplo. (2) "O elemento de segundo". (3) "Eles son meus compañeiros".

## Receita!

1. ESCOLLE UN FEITO DA VIDA OU OBRA DE CARBALLO CALERO QUE QUEIRAS CONTAR NA TÚA ESTROFA.
2. PENSA EN ESTROFAS DE CATRO VERSOS CON OITO SÍLABAS CADA UN.
3. A RIMA TEN QUE ESTAR ENTRE O SEGUNDO E O CUARTO VERSO.
4. ESCOITA O AUDIO E TENTA CANTAR A TÚA ESTROFA PARA VER SE ENCAIXAN BEN AS SÍLABAS.

### EXEMPLO:

ADICAMOS ESTE ANO  
O DÍA DAS LETRAS **GALEGAS**  
A DON CARBALLO CALERO  
ABRE BEN ESAS **ORELLAS**

## SESIÓN 3

A sesión comeza cun breve repaso do feito o día anterior.

### Actividade 1

(Audio e vídeo breve de Maruja das Cortellas e dunha recollida en Gargamala+outros posibles vídeos ou audios, ben de traballo de campo ou de discos actuais).

Retomamos os audios e vídeos da sesión 1. Podemos tamén introducir algún máis dependendo das características do alumnado.

Despois de reescoitar os audios ou escoitar en caso de introducir algún novo, preguntámoslle aos/ás nenos/as estas preguntas ou outras similares:

- *Son todos os ritmos iguais?*
- *En que se diferencian?*
- *Lembrades que instrumentos aparecían? Sabedes que instrumentos aparecen?*

### Actividade 2

Reprodúcese o audio ou vídeo de novo e invitamos o alumnado a que se mova pola aula seguindo o pulso de cada un dos ritmos, de xeito que identifiquen cal é máis rápido, cal máis lento etc. Tamén poden seguir o ritmo en roda.

Unha vez que identifiquen as diferenzas, explicamos a temática de cada un e adentrámonos no compás.

### Actividade 3

Realizaremos un pequeno obradoiro de ritmo con palmas, con paus chineses ou outro instrumento de pequena percusión. Anunciamos ao alumnado que imos traballar en eco, é dicir, a mestra fai o ritmo unha vez e eles repíteno, por exemplo, tres veces. Pódese poñer tamén unha base musical para que sexa máis constante e non se perdan.

A continuación, poderían reproducirse fragmentos coñecidos e facilmente identificables e que intenten adiviñar de que ritmo se trata.

Por último, podemos realizar un pequeno obradoiro de baile e aprender os pasos máis básicos de cada un deles.

## SESIÓN 4


A sesión comeza cun breve repaso do feito o día anterior, especialmente do traballo en eco.

### Actividade 1

Actividade de confección de ritmos, preferiblemente con células sinxelas (no segundo ciclo non está previsto que se traballe a semicorchea).

Traballaremos con modelos de ritmos variados (por exemplo, unha liña de ritmo de 2/4, outra de 3/4, outra de 4/4 e outra de 6/8) (Ficha 4).

Poñer un dado virtual no encerado e tirar dúas veces. Escribir nos modelos de ritmo as células rítmicas que vaian resultando de cada tirada dos dados e construír, así, liñas de ritmo que se identifiquen cos tradicionais. Unha vez que teñan as catro liñas de ritmo completas, fixándose en que non se pasan dos pulsos que dita cada compás, poden interpretalos e/ou poñerlles letra.



## SESIÓN 5

### Actividade 1

Tomando como referencia o libro-disco escrito por Xulia Feixóo e editado por A Central Folque «Maruxa das Cortellas: tocadora do pandeiro», achegarémonos a unha das últimas informantes do pandeiro, Maruja Grande Sobral.

En primeiro lugar leremos un texto breve sobre a súa vida, centrándonos no aspecto musical da mesma (Ficha 5).

*Texto: «-Quen lle ensinou a tocar o pandeiro, Maruja? -A min non me ensinou ninguén. Cando ibamos pr'a fiada, sentábanse as vellas nas casas que se facía o serán e eu tamén estaba alí de rapaza, pequena claro, ao mellor tiña dez anos. E elas, cando había moitos mozos, ningunha quería tocar. Eu agharraba o pandeiro, e púñame a tocar. E aprendín así. Xa o digho moitas veces, aínda aghora, moitas veces estou aí na cociña a facer comida e collo unha fuente e toco, sempre teño aquela lideira».*

*Maruxa é, pois, autodidacta. Como a meirande parte dos que querían aprender a tocar ou a bailar daquela. Primeiro miraban para as veteranas nas fiadas e logo practicaban nos poucos momentos libres do día.*

*Pero, que era unha fiada? Pois, como di Maruxa, son «os bailes de toda a vida». Comezaban en outubro, coa esfollada do millo, e remataban en xaneiro. Celebrábanse no cuberto dalgunha casa, nun alboio ou nun baixo.*

*As mulleres eran as que tocaban e cantaban enriba dun palco que elas mesmas amañaran. A que quixera bailar, tiña que cantar e tocar polo menos unha vez.*

*E que instrumentos tocaban nas fiadas de Soutomaior, lugar de nacemento de Maruja? Pois cunchas, pandeiretas e, por suposto o pandeiro, que era de uso comunal.*

*Con esta formación botaban, de cada vez, unha ronda completa: xota, rebeirana (muiñeira), e valse e outro agarrado chamado A Palmira.*

*Cando a ronda remataba, era tempo de bailar e que outras mulleres collesen o relevo.*

*(Texto adaptado de «Maruxa das Cortellas: Tocadora do pandeiro», de Xulia Feixóo, 2017, pp. 52-56. © A Central Folque)*

A continuación, pediremoslle ao alumnado que comente se ten algunha dúbida a respecto do vocabulario e explicaremos os termos descoñecidos.

Preguntaremos como se imaxinan a Maruxa e, a continuación, amosaremos algunha fotografía dela para relacionen imaxe e son.

### Actividade 2

Reproduciremos algún vídeo de Maruxa (hai varios en Internet) e comentaremos os aspectos que nos parecen importantes de cada un deles, animando aos/as alumnos/as a participar e facendo fincapé na importancia das mulleres como portadoras da tradición.

### Actividade 3

Mostra dos instrumentos das fiadas en Soutomaior: pandeiro, pandeireta e cunchas. Sería moi interesante que houbera na clase estes tres instrumentos ou que se puidesen conseguir para ese día.

Comentaremos as peculiaridades de cada un e, de ser posible, aprenderemos algún ritmo sinxelo con eles.

## SESIÓN 6

### Actividade 1

Achegamento ás adaptacións musicais. Mencionaremos adaptacións musicais famosas para que entendan o termo e explicaremos a diferenza entre adaptación e cover.

Unha vez que o termo estea claro, pasaremos a coñecer (Ficha 6) e escoitar unhas cantas fontes orixinais e posteriormente as súas adaptacións. Utilizaremos cancións de Tanxugueiras, Aliboria e Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre.

Posteriormente, visualizaremos propostas musicais actuais protagonizadas por mulleres e fortemente vinculadas á tradición (Tanxugueiras, Sés, Guadi Galego, Aliboria, Mercedes Peón etc.). Poremos énfase no feito de que se expresen musicalmente en galego.

Por último, intentaremos tecer vínculos entre as informantes (Maruxa das Cortellas ou as mulleres de Gargamala) e esa especie de vinculeiras que son as que, tomando como referencia a tradición, voan cara a outras latitudes musicais.

# RECURSOS E MATERIAIS

Os materiais e os recursos didácticos utilizados serán un dos factores determinantes da práctica educativa. Na selección do material utilizado nesta unidade tivemos en conta que estes sexan de calidade, adecuados á idade do alumnado e aos niveis madurativos de cada grupo.

Así mesmo, é conveniente ter unha aula de música con condicións necesarias tanto espaciais coma de materiais e acústicas para un bo desenvolvemento das sesións.

A continuación citamos os materiais que imos utilizar:

- Fichas de traballo.
- Medios audiovisuais: ordenador con conexión a Internet, altofalantes.
- Aros de cores.
- Tarxetas coa imaxe de varios instrumentos.
- Pizarra dixital.
- Programa Genially ou similar.
- Material funxible (lapis, goma, pegamento, cores...).
- Pizarra de pentagramas e pizarra normal.
- Pandeiro(s), pandeireta(s), cunchas.

